

Guerra contra o cancro, o noso reverso tenebroso

Escrito por Daniel Mediavilla (Materia)
Martes, 17 Xullo 2012 03:29



O cancro forma parte inseparable da natureza do ser humano, e é tan improbable que nos libremos del como que deixemos de envellecer.

A historia da batalla contra o cancro é a dunha loita contra un inimigo interior e ineludible moito máis diverso do que o seu nome indica. O cancro é unha palabra que se refire en realidade a [máis de 100 enfermidades diferentes](#) que en moitos casos teñen pouco que ver entre si. Tarde ou cedo, se se vive o suficiente, un ser humano acaba por desenvolver un cancro ou morrerse por deterioración cardiovascular.

O inevitable da enfermidade non impediu que durante séculos os seres humanos haxan loitado contra o mal e que, particularmente no último medio século, lograsen grandes vitorias fronte a el. Continuamente, a investigación básica realiza [novos achados](#) que permiten comprender mellor a enfermidade e ofrece novos e creativos enfoques sobre como facerlle fronte.

Desde a interpretación que ofrecía o médico romano Galeno sobre a orixe do cancro, atribuído a un exceso de bilis negra (como a que tamén causaba a depresión), até a comprensión da orixe xenética da enfermidade, a ciencia transformou a nosa visión sobre o mal. Este novo coñecemento axudou a disipar medos como os que levaron en 1779 a sacar da cidade de Chambord o primeiro hospital de cancro do mundo, porque se cría que a enfermidade era contaxiosa, e empezaron a asentar a idea entre o público de que un diagnóstico oncolóxico non

Guerra contra o cancro, o noso reverso tenebroso

Escrito por Daniel Mediavilla (Materia)
Martes, 17 Xullo 2012 03:29

é unha condena á morte.

//